

**PLENO DO CONSELLO SOCIAL DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA**
**- INFORME DE ACORDOS ADOPTADOS -**

DATA DA SESIÓN	LUGAR DE CELEBRACIÓN	HORA
4/06/2009	Sala de Plenos do Consello Social Centro Universitario de Riazor R/ Almirante Lángara, s/n. A Coruña - España	19:00 h.
MEMBROS ASISTENTES		
<p><b>PRESIDENTE DO CONSELLO SOCIAL</b> D. Antonio Abril Abadín</p> <p><b>MEMBROS NATOS DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. José María Barja Pérez. Reitor D. Manuel Galdo Pérez. Xerente D. Xose Manuel Carril Vázquez. Secretario Xeral</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DE GOBERNO DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA</b> D. Luis F. Barral Losada D. José Felipe Fernández López</p> <p><b>EN REPRESENTACIÓN DOS INTERESES SOCIAIS DE GALICIA</b></p> <p><b>A) DESIGNADOS POLO PARLAMENTO DE GALICIA</b> D. Manuel Caamaño Suárez D. Juan Carlos González Fernández D<sup>a</sup>. Sonia Romero Teijo D. Marcelo Castro-Rial Schuler</p> <p><b>B) DESIGNADOS POLA XUNTA DE GALICIA</b> D<sup>a</sup>. Olga Patiño Doval D. Bruno Díaz Doce D<sup>a</sup> Patricia Vila Castiñeira</p> <p><b>C) DESIGNADOS POLOS SINDICATOS</b> D. Juan del Valle Codesal</p> <p><b>D) DESIGNADOS POLAS ORGANIZACIÓNS EMPRESARIAIS</b> D. Francisco Santiañez Orero D. Julio Rivero Gómez</p> <p><b>E) DESIGNADOS POLAS CC.LL. DOS CONCELLOS DO CAMPUS</b> D. Florencio Cardador Canelo</p> <p><b>SECRETARIO</b> D. Enrique Muñoz Lagarón</p>		

O presente documento foi elaborado só a efectos informativos, en cumprimento do previsto no art. 6.1 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

<b>ACORDOS ADOPTADOS</b>
- Apróbase a acta correspondente á sesión ordinaria do Pleno de 30 de marzo de 2009.
- Apróbase a Memoria de Actividades do Consello Social da Universidade da Coruña correspondente ao exercicio 2008, ao abeiro do disposto no art. 3 c) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e no art. 3.1 a) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social da UDC.
- Apróbase a liquidación do exercicio económico 2007, ao abeiro do disposto no art. 4 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, e no art. 3.2 c) do Regulamento de Organización e Funcionamento do Consello Social da UDC.
- Apróbase a contratación dunha auditoría para o exame das contas da Universidade da Coruña do exercicio 2008.
- Apróbase a adscrición da Universidade da Coruña á asociación "Conferencia de Consejos Sociales de las Universidades Públicas Españolas".
- Apróbanse os prezos públicos do Centro de Linguas que se anexan á acta da sesión, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- Apróbanse, acorde o contido da acta deste Pleno, os prezos públicos do SAI, ao abeiro do disposto no art. 4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia.
- Acórdase, ao abeiro do disposto no art.4 e) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar que o custo da expedición de duplicados de títulos propios de posgrado sexa o mesmo que en cada momento conste para a expedición do título orixinal.
- Infórmase favorablemente, ao abeiro do disposto no art. 4 i) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, o III Convenio Colectivo do PAS Laboral da UDC.
- Apróbase, ao abeiro do disposto no art. 4 h) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do Sistema Universitario de Galicia, aprobar a avaliación positiva do complemento autonómico de recoñecemento ao labor docente e investigador proposto pola Comisión de Organización Académica e Profesorado da Universidade da Coruña o 6 de maio de 2009, logo da valoración realizada pola Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, que se achega coa acta da sesión.